



Avaliación III Plan de Igualdade do Concello de Ferrol



Un camiño cara á igualdade

ASISTENCIA TÉCNICA Arabías S.Coop. Galega

DESEÑO E MAQUETACIÓN conxenia.gal

COORDINACIÓN Centro de Información a Muller do Concello de Ferrol

ANO 2022



Avaliación
**III Plan de Igualdade do
Concello de Ferrol**



Un camiño cara á igualdade

índice

01. Un camiño cara á igualdade	9
1.1 Por que unha avaliación?	11
1.2 Esta avaliación	13
02. Trazamos o camiño	15
2.1 Para que?	16
2.2 Como?	16
2.3 Quen participou?	17
03. Os resultados	19
3.1 O que se planificou en 2015	20
3.2 O que se fixo	30
Consideracións xerais de partida	30
Análise cuantitativa das accións	31
Nivel de desenvolvemento xeral	32
Nivel de desenvolvemento área 1: Transversalidade de xnero na Administración municipal	36
Nivel de desenvolvemento área 2. Coeducación	40
Nivel de desenvolvemento área 3. Prevención e atención integral da violencia de xénero	45
Nivel de desenvolvemento área 4. Saúde	54
Nivel de desenvolvemento área 5. Deportes	57
Nivel de desenvolvemento área 6. Formación e emprego	60
Nivel de desenvolvemento área 7. Conciliación da vida persoal, familiar e laboral	65
Nivel de desenvolvemento área 8. Participación social e sensibilización cidadá	68
Participación social e sensibilización cidadá	68
Conclusións xerais	76
3.3 Como se fixo	77
Difusión do plan	77
Seguimento do plan	77
Análise da transversalidade de xénero	77
Nivel de coñecemento do plan por parte das áreas técnicas municipais	77
Nivel de coordinación entre ás áreas técnicas municipais en materia de igualdade	79
Nivel de coordinación entre áreas técnicas	80
Nivel de formación en materia de igualdade do persoal das áreas técnicas municipais	80
Nivel de utilización da comunicación non sexista	81
Nivel de análise da información desagregada por sexo	81
Conclusións xerais	82
04. Cara a onde camiñar	83

01

Un camino cara á igualdade

O Concello de Ferrol ten unha ampla experiencia no traballo a prol da igualdade entre mulleres e homes e o desenvolvemento de políticas de xénero na Administración municipal. Desde o ano 2005, o Goberno municipal conta cunha folla de ruta en materia de igualdade de xénero a partir dos diferentes plans de igualdade vixentes até o momento. Concretamente, o III Plan de Igualdade do Concello de Ferrol estivo vixente entre 2015 e 2019, e constituíu unha ferramenta ao servizo da cidadanía e partindo do seu protagonismo no proceso de elaboración e deseño.

1.1 Por que unha avaliación?

As políticas de igualdade son un conxunto coordinado de decisións, obxectivos e medidas postas en marcha polas institucións públicas coa intención de fomentar a igualdade entre mulleres e homes, prestando atención á mellora da situación económica, política, social e cultural das mulleres (Bustelo e Lombardo, 2007). Trátase dun referente no que se inclúen diversas alternativas para acadar o obxectivo que se propoñen: a) igualdade de oportunidades; b) acción positiva; c) transversalidade ou mainstreaming. Todas estas medidas, se ben son diferentes no específico, contribúen, en esencia, ao obxectivo fundamental de superar o sexismo.

Dentro da diversidade, a igualdade de oportunidades, establece medidas que teñen a finalidade de incentivar a entrada das mulleres, e das súas necesidades e demandas, na vida pública e social; ao mesmo tempo que se evidencia que o espazo privado tamén é político. Entre as actuacións destacadas nesta liña atopamos os plans de igualdade de xénero que activa a Administración local por un período concreto de tempo, e que inclúen obxectivos e accións específicas a desenvolver nun espazo temporal determinado.

O carácter transversal da igualdade entre mulleres e homes permite conceptualizar da estratexia de mainstreaming de xénero, que supón revisar todas as políticas públicas, con independencia de cal sexa a súa área de actuación, coa intención de eliminar o nesgo de xénero e contribuír á consecución da igualdade entre mulleres e homes. En todo caso, a planificación das políticas de xénero concrétase en distintas fases que, lonxe de ser entes separados, preséntanse como parte dun continuo no que combinaremos dúas tarefas fundamentais: avaliación e proposición. Isto é, avaliamos para ver os resultados acadados, para coñecer as necesidades e contextualizalas, para identificar os puntos febles, e propoñemos medidas de actuación para lograr os obxectivos fixados.




Figura nº1. Fases das políticas de igualdade de xénero

A posta en práctica do mainstreaming de xénero supón a aplicación de diversas ferramentas, entre elas, a avaliación do impacto de xénero que implica facer visible a falta de neutralidade das políticas públicas e o diferente impacto que teñen na vida de mulleres e homes. Esta idea supón someter á análise e revisar as actuacións que se están levando a cabo desde as distintas áreas técnicas implicadas para establecermos mecanismos correctores requiridos.

No caso do III Plan de Igualdade, como norma vixente e estratexia central das políticas de igualdade municipais até o ano 2019, resulta fundamental avaliar o impacto das diferentes actuacións contempladas, valorando aquelas que puideron desenvolverse, o grao de consecución dos obxectivos previstos, aquelas que non saíron adiante e os motivos que levaron á non execución... En definitiva, trátase de establecer o punto de partida para o IV Plan de Igualdade, coa bagaxe do traballo feito e as aprendizaxes do que resta por facer.

1.2 Esta avaliación

Neste informe vas atopar varios apartados onde analizamos a información relativa ao III Plan de Igualdade de Ferrol:

Trazamos o camiño

Comezamos presentando un esquema explicativo sobre os obxectivos e a metodoloxía utilizada para construír este proceso avaliativo.

Os resultados

O que se planificou: a continuación mostramos un esquema do III Plan de Igualdade, onde repasamos os obxectivos e a estrutura de medidas que se contemplaron en 2015.

O que se fixo: presentamos unha análise cuantitativa ou numérica para visibilizar o grao de consecución dos obxectivos e o nivel de desenvolvemento das accións. Neste apartado facemos énfase nos puntos fortes, retos e oportunidades que se presentan en cada unha das áreas de actuación. Ademais, tamén enumeramos as actividades concretas que se executaron.

Como se fixo: realizamos unha análise cualitativa para abordar elementos transversais ao Plan de Igualdade. Neste caso apuntamos aquelas cuestións que teñen que ver coa efectividade, a divulgación ou a coordinación entre as diferentes áreas municipais e axentes sociais da comunidade para levar a cabo o devandito Plan.

Cara onde camiñar: rescatamos e analizamos os principais retos que abren o camiño para a construción do futuro Plan de Igualdade.

02

Trazamos o camiño

2.1 Para que?

Este informe avaliativo conta con varios propósitos ou obxectivos:

- Compilar información sobre o que se está a facer para contribuír nos avances pola igualdade de xénero.
- Realizar un exercicio de transparencia para que o persoal técnico das diferentes áreas municipais e a veciñanza en xeral coñeza o traballo que se levou a cabo.
- Valorar e analizar os principais logros e debilidades recollidas nas distintas liñas de acción do III Plan de Igualdade.
- Identificar retos para transformalos en liñas de acción que alimenten o futuro plan de igualdade.
- Fortalecer as pontes de colaboración e cooperación entre os diferentes axentes que construírán o futuro Plan de Igualdade.

2.2 Como?

Para realizar a avaliación do III Plan de Igualdade do Concello de Ferrol partimos da aplicación dun conxunto de principios metodolóxicos que nos acompañarán ao longo do camiño:

- **Participación horizontal.** Garantindo a incorporación de voces que fixeron posible o III Plan de Igualdade.
- **Coordinación e comunicación asertiva e inclusiva.** Garantindo espazos de coordinación co persoal técnico municipal e unha comunicación atenta e baseada no respecto. Igualmente, en todo o traballo realizado no marco deste proceso emprégase a linguaxe inclusiva.

Para conseguir artellar o presente informe avaliativo partimos da combinación de métodos cuantitativos e cualitativos.

- **Métodos cualitativos**
 1. Elaboramos **15 entrevistas dirixidas a persoal técnico** das diferentes áreas municipais.
 2. O III Plan de Igualdade incorporaba un modelo de **ficha de avaliación** das accións previstas para cada unha das oito áreas de traballo. Así, botamos man destas fichas para compilar e analizar o grao de consecución das accións contempladas no III Plan de Igualdade.
 3. Analizamos **información documental** cedida pola área de igualdade de xénero, como as memorias de actividades dos catro anos de vixencia do Plan (2015-2019), memorias das activi-

dades de conciliación e as actas do Consello Sectorial da Muller e da Mesa de Coordinación contra a Violencia de Xénero.

> **Métodos cuantitativos**

4. Localizamos a **información desagregada por sexo** ou os indicadores de xénero que existen en cada unha das áreas municipais.




Figura nº2. Metodoloxía da avaliación de impacto de xénero do III Plan de Igualdade

2.3 Quen participou?

Entrevistas en profundidade a persoal técnicos de 15 áreas municipais:

CONCELLARÍA ÁREA TÉCNICA	NOME PERSOA RESPONSABLE	POSTO	DÍA
Participación/ Normalización Lingüística	Beatriz Bascoy	Normalizadora	14 de Xullo
CIM (Centro de Información á Muller)/ Igualdade	Dolores Cervera	Directora	14 de Xullo
Concellaría Servizos Sociais	Iria Buján Isabel Lozano e Laura López	Xefa de de Sección, Xefa de Servizo e Traballadora Social	14 de Xullo

Contratación	Ana Elisa	Xefa de Servizo	14 de Xullo
Facenda e Patrimonio	Carme Casal	Xefa de Sección	14 de Xullo
Estatística	Gabriela	Auxiliar Administrativa	20 de Xullo
Urbanismo	Carme Castro	Arquitecta Técnica	20 de Xullo
Sanidade e Consumo	Xosé Francisco Rodríguez	Xefe de Negociado	20 de Xullo
Policía Local	Javier Abeal	Inspector Xefe e equipo de VIOGEN	20 de Xullo
Educación	Emilia Seoane	Técnica	20 de Xullo
Emprego	Maite	Técnica	20 de Xullo
Deportes	Cristina Muñiz	Coordinadora de actividades deportivas	20 de Xullo
Cultura e Turismo	Joaquín	Técnico Xefe de sección	20 de Xullo
Recursos Humanos	Milagros López Álvarez	Xefa de sección	9 de Agosto
Casa de Acollida	María Jesús Olivares	Directora	5 de Agosto

03

Os resultados

3.1 O que se planificou en 2015

O Plan estableceuse cunha duración de catro anos e estruturouse arredor de oito áreas de acción. De forma paralela, en cada unha das áreas encaixaban diferentes medidas, agrupadas por obxectivos. Desta forma, a información do documento quedaba estruturada da seguinte maneira:

ÁREA	OBXECTIVOS	Nº DE MEDIDAS
1. TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL	<ul style="list-style-type: none"> · Introducción da transversalidade da perspectiva de xénero na xestión da Administración Municipal. · Favorecer o desenvolvemento de capacidades e competencias do persoal dos diferentes departamentos municipais e tamén do persoal político do Concello para a promoción da igualdade entre mulleres e homes. · Fomentar unha comunicación institucional municipal inclusiva e non sexista. 	18
2. COEDUCACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> · Introducir a perspectiva de xénero na oferta educativa municipal · Mellorar a capacidade dos axentes educativos para traballar a igualdade de xeito transversal · Fortalecer a coordinación dos diferentes actores implicados na educación a nivel municipal. 	15
3. PREVENCIÓN E ATENCIÓN INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO	<ul style="list-style-type: none"> · Informar e sensibilizar o conxunto da comunidade sobre a problemática da violencia de xénero para a súa erradicación. · Promover a mellora na intervención integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero. · Formación na prevención da violencia de xénero no eido educativo · Prever a violencia de xénero mediante as tecnoloxías de información e comunicación 	16
4. SAÚDE	<ul style="list-style-type: none"> · Promover a saúde integral das mulleres, facilitándolles o acceso aos servizos sociais e sanitarios para acadar o benestar a nivel físico, psíquico e emocional. · Mellorar a saúde das mulleres en risco de exclusión social e situación de especial vulnerabilidade. 	6

<p>5. DEPORTES</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Fomentar a práctica do deporte en igualdade, a nivel profesional e afeccionada · Apoiar e potenciar o deporte e a práctica deportiva individual e colectiva das mulleres en óptimas condicións 	<p>10</p>
<p>6. FORMACIÓN E EMPREGO</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Mellorar a incorporación, a permanencia e a promoción de mulleres do Concello de Ferrol no mercado laboral, incrementando a súa formación para o emprego. · Potenciar a empregabilidade das mulleres do Concello de Ferrol en calquera das súas formas · Promover a igualdade de oportunidades no tecido empresarial 	<p>15</p>
<p>7. CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Fomento do reparto igualitario entre homes e mulleres da dedicación ás tarefas domésticas e o coidado das persoas dependentes · Sensibilizar e concienciar a sociedade ferrolá sobre a importancia da corresponsabilidade e da conciliación da vida persoal, familiar e laboral 	<p>15</p>
<p>8. PARTICIPACIÓN SOCIAL E SENSIBILIZACIÓN CIDADÁ</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Interacción social das mulleres en risco de exclusión social ou en situación de especial vulnerabilidade · Impulsar a introdución do principio de igualdade e a perspectiva de xénero no tecido asociativo como eixe vertebrador da comunidade · Fomentar a participación social e a sensibilización da comunidade en materia de igualdade · Fomentar a participación da muller na vida cultural e social do Concello de Ferrol. 	<p>13</p>
<p>TOTAL DE ACCIÓNS</p>		<p>108</p>

ÁREA 1 ---

TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ADMÓN. MUNICIPAL

OBXECTIVOS	MEDIDAS A VALORAR	Nº DE MEDIDAS
<p>OBXECTIVO 1.1. Introdución da transversalidade da perspectiva de xénero na xestión da Administración municipal.</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Creación da Comisión Técnica de Igualdade. · Criterios dos procesos selectivos de contratación. · Criterios de igualdade na contratación de empresas ou entidades. · Enfoque de xénero nos expedientes administrativos. · Creación da Comisión Sectorial de Igualdade. · Programación en materia de igualdade municipal e doutros axentes locais. · Representación paritaria nos actos municipais. · Información desagregada por sexo. · Establecer indicadores de xénero. · Creación de ordenanza municipal para a igualdade entre mulleres e homes. · Incluír o perfil profesional de axente de igualdade no Concello. 	<p style="text-align: center;">11</p>
<p>OBXECTIVO 1.2. Favorecer o desenvolvemento de capacidades e competencias do persoal dos diferentes departamentos municipais e tamén do persoal político do Concello para a promoción da igualdade entre mulleres e homes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Necesidades formativas do persoal técnico municipal. · Programas de formación continua homologada. · Coordinación do persoal técnico e político. 	<p style="text-align: center;">3</p>
<p>OBXECTIVO 1.3. Fomentar unha comunicación institucional municipal inclusiva e non sexista.</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Guía de linguaxe non sexista do Concello de Ferrol. · Ferramentas informáticas para uso dunha linguaxe non sexista. · Formación sobre comunicación non sexista. 	<p style="text-align: center;">3</p>

ÁREA 2

COEDUCACIÓN

OBXECTIVOS	MEDIDAS A VALORAR	Nº DE MEDIDAS
<p>OBXECTIVO 2.1. Introducir a perspectiva de xénero na oferta educativa municipal</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Actividades de sensibilización e formación en materia de igualdade nos programas de educación non formal do concello. · Programa de convivencia en igualdade nos centros de ensino. · Colaboración cos centros de ensino para integrar o enfoque de xénero. · Impulso e apoio de boas prácticas de axentes educativos para a promoción da igualdade. · Xornadas sobre saídas profesionais e orientación profesional non sexista. 	<p style="text-align: center;">5</p>
<p>OBXECTIVO 2.2. Mellorar a capacidade dos axentes educativos para traballar a igualdade de xeito transversal</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Necesidades formativas do persoal educativo en materia de igualdade de xénero. · Formación das familias a través das ANPAS. · Formación homologada para profesorado. · Ampliación do fondo bibliográfico da Biblioteca municipal en materia de igualdade. · Elaboración de material e guías didácticas. · Partida orzamentaria para material coeducativo. 	<p style="text-align: center;">6</p>
<p>OBXECTIVO 2.3. Fortalecer a coordinación dos diferentes actores implicados na educación a nivel municipal.</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Figura de coordinación das actividades de igualdade no Consello Escolar Municipal. · Grupo de traballo para coordinar as actividades en materia de igualdade dos centros educativos. · Protocolo de actuación en casos de discriminación e violencia de xénero. · Integración da perspectiva de xénero nos plans de convivencia dos centros de ensino. 	<p style="text-align: center;">4</p>

ÁREA 3

PREVENCIÓN E ATENCIÓN INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

OBXECTIVOS	MEDIDAS A VALORAR	Nº DE MEDIDAS
<p>OBXECTIVO 3.1. Informar e sensibilizar o conxunto da comunidade sobre a problemática da violencia de xénero para a súa erradicación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Creación de material de difusión sobre as formas de violencia de xénero. · Campañas de difusión sobre os recursos e servizos existentes a nivel municipal. · Programas informativos e de prevención da violencia de xénero dirixido ao tecido asociativo. · Actos conmemorativos e campañas de prevención da violencia de xénero. 	<p>4</p>
<p>OBXECTIVO 3.2. Promover a mellora na intervención integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero.</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Creación da Mesa de Coordinación en materia de violencia de xénero. · Formación homologada ao persoal da administración local para a atención integral da violencia de xénero. · Formación homologada á policía local para a atención integral da violencia de xénero. · Coordinación entre os axentes sociais que interveñen nos casos de violencia de xénero. · Estudos e investigacións en materia de violencia de xénero a nivel municipal. · Programa específico de prevención e atención integral á infancia exposta a violencia de xénero. 	<p>6</p>
<p>OBXECTIVO 3.3. Formación na prevención da violencia de xénero no eido educativo</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Campañas para a erradicación da violencia de xénero nos centros educativos. · Formación homologada na materia dirixida ao profesorado. · Proposta novas masculinidades. · Uso positivo das TIC. · Campaña para detección da violencia de xénero dirixido ás familias. 	<p>5</p>
<p>OBXECTIVO 3.4. Prever a violencia de xénero mediante as tecnoloxías de información e comunicación</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Xornadas específicas para medios de comunicación do Concello para o uso da linguaxe non sexista e para introducir a perspectiva de xénero na produción xornalística. 	<p>1</p>

ÁREA 4

SAÚDE

OBXECTIVOS	MEDIDAS A VALORAR	Nº DE MEDIDAS
<p>OBXECTIVO 4.1. Promover a saúde integral das mulleres, facilitándolles o acceso aos servizos sociais e sanitarios para acadar o benestar a nivel físico, psíquico e emocional.</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Espazo Municipal de Saúde. · Campañas de información e formación sobre saúde sexual e reprodutiva. · Obradoiros de apoderamento, autoestima e autocoidado de mulleres. 	<p>3</p>
<p>OBXECTIVO 4.2. Mellorar a saúde das mulleres en risco de exclusión social e situación de especial vulnerabilidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Rede de apoio entre mulleres, con especial atención a aquelas en situación de vulnerabilidade. · Atención sanitaria integral e reducir riscos para mulleres en situación de prostitución. · Tratamento do persoal sanitario ante mulleres en situación de exclusión social. 	<p>3</p>

ÁREA 5

DEPORTES

OBJECTIVOS	MEDIDAS A VALORAR	Nº DE MEDIDAS
<p>OBJECTIVO 5.1. Fomentar a práctica do deporte en igualdade, a nivel profesional e afeccionada</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Convenio entre o Concello de Ferrol e as federacións e entidades deportivas locais e cos centros educativos. · Xornada do deporte. · Campañas para visibilizar as prácticas deportivas minoritarias. · Actividades de deporte mixto. · Promoción do deporte en familia. 	<p>5</p>
<p>OBJECTIVO 5.2. Apoiar e potenciar o deporte e a práctica deportiva individual e colectiva das mulleres en óptimas condicións</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Programas para potenciar continuidade das rapazas na práctica deportiva. · Sinalización e iluminación das zonas de práctica deportiva. · Folleto informativo sobre clubs, federacións e entidades locais para a práctica deportiva. · Acondicionamento das instalacións para o aseo durante a práctica deportiva. · Espazos e instalacións deportivas para o tecido asociativo ou colectivos. 	<p>5</p>

ÁREA 6

FORMACIÓN E EMPREGO

OBXECTIVOS	MEDIDAS A VALORAR	Nº DE MEDIDAS
<p>OBXECTIVO 6.1. Mellorar a incorporación, a permanencia e a promoción de mulleres do Concello de Ferrol no mercado laboral, incrementando a súa formación para o emprego.</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Accións formativas e laborais para as mulleres. · Coordinación con entidades, sindicatos e asociacións para oferta formativa. · Guía para difundir os servizos e recursos da administración local. · Itinerarios de formación específicos para mulleres maiores de 45 anos. · Reforzo dos servizos de emprego do concello. · Acceso ao emprego mediante a formación en TIC. · Actividades na área de emprego con enfoque de xénero. 	<p>7</p>
<p>OBXECTIVO 6.2 Potenciar a empregabilidade das mulleres do Concello de Ferrol en calquera das súas formas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Liñas de axudas para a formación e autoemprego de mulleres. · Apoio ás emprendedoras locais. · Fondo municipal que xestione microcréditos. · Xornadas sobre políticas activas de emprego con enfoque de xénero. · Xornadas anuais sobre novos modelos de traballo. 	<p>5</p>
<p>OBXECTIVO 6.3. Promover a igualdade de oportunidades no tecido empresarial.</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Igualdade dentro da empresa a través de boas prácticas. · Difusión entre o tecido empresarial das medidas para impulsar a contratación de mulleres. · Servizo técnico de asesoramento a empresas para incorporar a igualdade de xénero. 	<p>3</p>

ÁREA 7

CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL

OBXECTIVOS	MEDIDAS A VALORAR	Nº DE MEDIDAS
<p>OBXECTIVO 7.1. Fomento do reparto igualitario entre homes e mulleres da dedicación ás tarefas domésticas e o coidado das persoas dependentes</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Obradoiros para promover a corresponsabilidade. · Formación en corresponsabilidade para o profesorado. · Obradoiros de corresponsabilidade para a infancia. · Usos do tempo na cidade. · Plan de apoio ás persoas coidadoras. · Campaña para a valoración do traballo doméstico. 	<p>6</p>
<p>OBXECTIVO 7.2 Sensibilizar e concienciar a sociedade ferrolá sobre a importancia da corresponsabilidade e da conciliación da vida persoal, familiar e laboral</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Campañas de difusión da lexislación sobre conciliación e corresponsabilidade. · Difusión de medidas para o tecido empresarial. · Informar dos beneficios da conciliación. · Programas municipais en materia de conciliación. · Servizos que favorezan a conciliación nas vacacións. · Adaptar horarios e infraestruturas municipais á conciliación. · Boas prácticas en corresponsabilidade e conciliación. · Difusión de permisos laborais, excedencias, prestacións e recursos de conciliación. · Servizos municipais de coidado da infancia e actividades lúdicas. 	<p>9</p>

ÁREA 8

PARTICIPACIÓN SOCIAL E SENSIBILIZACIÓN CIDADÁ

OBXECTIVOS	MEDIDAS A VALORAR	Nº DE MEDIDAS
<p>OBXECTIVO 8.1. Interacción social das mulleres en risco de exclusión social ou en situación de especial vulnerabilidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Atención específica a mulleres que sofren dobre ou tripla discriminación. · Campaña para visibilizar a situación das vítimas de trata con fins de explotación. · Rede de apoio veciñal para a integración de mulleres en situación de exclusión. · Estudos e publicacións sobre colectivos estigmatizados de mulleres. 	<p style="text-align: center;">4</p>
<p>OBXECTIVO 8.2. Impulsar a introdución do principio de igualdade e a perspectiva de xénero no tecido asociativo como eixe vertebrador da comunidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Criterio de igualdade nas axudas ao tecido asociativo. · Obradoiros para entidades e colectivos en materia de igualdade. · Ferramentas para uso da linguaxe non exista nos colectivos. · Boas prácticas en materia de igualdade no tecido asociativo. 	<p style="text-align: center;">4</p>
<p>OBXECTIVO 8.3. Fomentar a participación social e a sensibilización da comunidade en materia de igualdade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Guía actualizada de servizos, recursos e entidades sobre igualdade. · Plataforma en liña para compartir actuacións en materia de igualdade. · Creación de colectivos de mulleres. · Observatorio municipal de igualdade e publicidade non sexista. · Campañas para a promoción da igualdade de xénero. 	<p style="text-align: center;">5</p>
<p>OBXECTIVO 8.4. Fomentar a participación da muller na vida cultural e social do Concello de Ferrol.</p>	<ul style="list-style-type: none"> · Transversalidade de xénero na programación cultural. · Accións positiva nas programacións e contratacións culturais. · Presenza de mulleres na vida cultural. · Visibilizar mulleres relevantes de Ferrol. · Impulsar a muller creadora. · Conmemoración do 8 de marzo. · Club de lectura pola igualdade. 	<p style="text-align: center;">7</p>

3.2 O que se fixo

Consideracións xerais de partida

Puntos fortes

- O proceso de elaboración do III Plan de Igualdade foi participado e aberto a partir de diferentes mesas sectoriais. Polo tanto, contouse coa participación da cidadanía, de axentes sociais e das diferentes áreas técnicas municipais.

Puntos débiles

- O III Plan de Igualdade non contou con dotación orzamentaria propia. Deste xeito, as accións previstas foron desenvolvidas contando con recursos públicos de fontes de financiamento externo ou a partir de dotación orzamentaria propia.
- O III Plan de Igualdade non fixo efectivo o seu sistema de seguimento, polo que non se conta coa información que se prevía nas fichas de avaliación.
 - > Non se estableceron os mecanismos de seguimento previstos. A Comisión de Seguimento non se constituíu e o Consello Sectorial de Mulleres non abordou nas súas sesións o contido do Plan.
 - > Non se deseñaron indicadores de seguimento e de impacto das accións previstas, polo que non se conta con ferramentas obxectivas para valorar o impacto das accións ou o seguimento da súa execución.
 - > A información de partida sobre a que se formulou o Plan foi a avaliación do anterior. Neste documento non atopamos información cuantitativa ou numérica que nos permita analizar o impacto da execución do III Plan.
 - > O III Plan de Igualdade non fixou os axentes responsables da execución das accións.

Oportunidades

- A pesar de que a Comisión de Seguimento non rematou por facerse efectiva, nos últimos anos constituíronse diferentes instrumentos de coordinación e colaboración para mellorar o traballo en materia de igualdade e de prevención e atención en casos de violencia de xénero. Deste xeito, o Consello Sectorial das Mulleres e a Mesa de Coordinación contra a Violencia de Xénero supoñen unha fiestra de oportunidades para mellorar a planificación e a execución do futuro Plan de Igualdade.

Análise cuantitativa das accións

A partir do traballo de campo realizado, analizouse o nivel de desenvolvemento das accións previstas. Para conseguilo, establecéronse as seguintes categorías:

1. Considérase que unha **Medida se levou a cabo** cando...

- > Se executaron as actividades que encaixaban nela e se enmarcou no devandito Plan.
- > Se desenvolveron actividades similares e se lograron os resultados ou produtos esperados.

2. Considérase que unha **Medida se levou a cabo parcialmente** cando...

- > Se levou a cabo algunha actividade ao longo do prazo de execución, pero non se cumpriu na súa totalidade.
- > Existiron factores externos que fixeron imposible a execución de determinada acción ou a implementación dunha acción equivalente.

3. Considérase que unha **Medida non se levou a cabo** cando...

- > Non se executou ningunha actividade concordante durante o período de execución do Plan.

NIVEL DE DESENVOLVEMENTO XERAL

ÁREA	OBXECTIVOS	GRAO DE DESENVOLVEMENTO			
		SI	PARCIAL	NON	TOTAL POR ÁREA
1. Transversalidade de xénero na Administración municipal	1. Introducción da transversalidade da perspectiva de xénero na xestión da Administración municipal.			18,8%	11,8%
	2. Favorecer o desenvolvemento de capacidades e competencias do persoal dos diferentes departamentos municipais e tamén do persoal político do Concello para a promoción da igualdade entre mulleres e homes.			16,6%	
	3. Fomentar unha comunicación institucional municipal inclusiva e non sexista.			0%	
2. Coeducación	1. Introducir a perspectiva de xénero na oferta educativa municipal.		40%		13,33%
	2. Mellorar a capacidade dos axentes educativos para traballar a igualdade de xeito transversal .			0%	
	3. Fortalecer a coordinación dos diferentes actores implicados na educación a nivel municipal.			0%	

3. Prevenición e atención integral da violencia de xénero	1. Informar e sensibilizar o conxunto da comunidade sobre a problemática da violencia de xénero para a súa erradicación.	87,5%			62,5%
	2. Promover a mellora na intervención integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero.		50%		
	3. Formación na prevención da violencia de xénero no eido educativo.		50%		
4. Saúde	1. Promover a saúde integral das mulleres, facilitándolles o acceso aos servizos sociais e sanitarios para acadar o benestar a nivel físico, psíquico e emocional.	66,6%			33,3%
	2. Mellorar a saúde das mulleres en risco de exclusión social e situación de especial vulnerabilidade.			0%	
5. Deportes	1. Fomentar a práctica do deporte en igualdade, a nivel profesional e afecionada.		10%		5%
	2. Apoiar e potenciar o deporte e a práctica deportiva individual e colectiva das mulleres en óptimas condicións.			0%	

<p>6. Formación e emprego</p>	<p>1. Mellorar a incorporación, a permanencia e a promoción de mulleres do Concello de Ferrol no mercado laboral, incrementando a súa formación para o emprego.</p>	70%			60%
	<p>2. Potenciar a empregabilidade das mulleres do Concello de Ferrol en calquera das súas formas.</p>	60%			
	<p>3. Promover a igualdade de oportunidades no tecido empresarial.</p>		50%		
<p>7. Conciliación da vida persoal, laboral e familiar</p>	<p>1. Fomento do reparto igualitario entre homes e mulleres da dedicación ás tarefas domésticas e o coidado das persoas dependentes.</p>		10%		10%
	<p>2. Sensibilizar e concienciar a sociedade ferrolá sobre a importancia da corresponsabilidade e da conciliación da vida persoal, familiar e laboral.</p>		20%		

<p>8. Participación social e sensibilización cidadá</p>	<p>1. Interacción social das mulleres en risco de exclusión social ou en situación de especial vulnerabilidade.</p>		25%		38,75%
	<p>2. Impulsar a introdución do principio de igualdade e a perspectiva de xénero no tecido asociativo como eixe vertebrador da comunidade.</p>		50%		
	<p>3. Fomentar a participación social e a sensibilización da comunidade en materia de igualdade.</p>	80%			
	<p>4. Fomentar a participación da muller na vida cultural e social do Concello de Ferrol.</p>	0%			
<p>TOTAL DE ACCIÓNS</p>					27,86%




Figura nº3. Nivel de desenvolvemento das accións por cada unha das áreas fixadas

NIVEL DE DESENVOLVEMENTO ÁREA 1: TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ADMÓN. MUNICIPAL

Obxectivo 1.1. Introducción da transversalidade da perspectiva de xénero na xestión da Administración municipal.

MEDIDAS A VALORAR	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
	SI	PARCIAL	NON
Creación da Comisión Técnica de Igualdade			0%
Criterios dos procesos selectivos de contratación			0%
Criterios de igualdade na contratación de empresas ou entidades		50%	
Enfoque de xénero nos expedientes administrativos.			0%
Creación da Comisión Sectorial de Igualdade	100%		
Programación en materia de igualdade municipal e doutros axentes locais			0%
Representación paritaria nos actos municipais		50%	
Información desagregada por sexo			0%
Establecer indicadores de xénero			0%
Creación de ordenanza municipal para a igualdade entre mulleres e homes			0%
Incluír o perfil profesional de axente de igualdade no Concello			0%

Obxectivo 1.2. Favorecer o desenvolvemento de capacidades e competencias do persoal dos diferentes departamentos municipais e tamén do persoal político do Concello para a promoción da igualdade entre mulleres e homes.

MEDIDAS A VALORAR

GRAO DE DESENVOLVEMENTO

	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
	SI	PARCIAL	NON
Necesidades formativas do persoal técnico municipal			0%
Programas de formación continua homologada			0%
Coordinación do persoal técnico e político		50%	

Obxectivo 1.3. Fomentar unha comunicación institucional municipal inclusiva e non sexista.

MEDIDAS A VALORAR

GRAO DE DESENVOLVEMENTO

	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
	SI	PARCIAL	NON
Guía de linguaxe non sexista do Concello de Ferrol			0%
Ferramentas informáticas para uso dunha linguaxe non sexista			0%
Formación sobre comunicación non sexista			0%

Logros

- Destaca a posta en marcha de mecanismos de coordinación e participación —Consello Sectorial da Muller e Mesa de Coordinación contra a Violencia de Xénero—, a pesar de non crearse a comisión técnica de seguimento do Plan.

Retos e necesidades

- O nivel de desenvolvemento da transversalidade é considerablemente débil.
- Destacan as eivas no ámbito da formación dirixida ao persoal técnico municipal.
- Identifícanse debilidades en canto a recursos humanos. O persoal contratado no Centro de Información á Muller e na Casa de Acollida non pode asumir traballo centrado na transversalización do enfoque de xénero ou na intervención sociocomunitaria, xa que o traballo de atención directa é moi elevado. Bótase en falta a figura de técnica de igualdade.

Execución de accións ou actividades concretas

Obxectivo 1.1. Introducción da transversalidade da perspectiva de xénero na xestión da Administración Municipal.

ACCIÓN	ANO DE EXECUCIÓN
<p>CREACIÓN DO CONSELLO SECTORIAL DA MULLER</p> <p>Un instrumento para facilitar a participación das asociacións feministas e de mulleres e a coordinación entre o persoal político e técnico do Concello. Entre as súas funcións enumeradas no Regulamento de réxime interno (2019) destaca a de realizar seguimento do plan municipal vixente de igualdade.</p>	<p>Dende 2015.</p> <p>En 2019 foi a súa constitución cun novo formato legal</p>
<p>CREACIÓN DA MESA DE COORDINACIÓN EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO</p>	<p>2020-2021</p>

Obxectivo 1.2. Favorecer o desenvolvemento de capacidades e competencias do persoal dos diferentes departamentos municipais e tamén do persoal político do Concello para a promoción da igualdade entre mulleres e homes.

ACCIÓN	ANO DE EXECUCIÓN
<p>CONSELLO SECTORIAL DA MULLER Coordinación do persoal técnico e político a través do Consello Sectorial da Muller e da Mesa de Coordinación contra da Violencia de Xénero, conformada por profesionais técnicas do Xulgado, Sanidade, Educación, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.</p>	<p>2015-2021</p>
<p>COMPARTIMOS PLAN O Concello de Ferrol forma parte do proceso de construción participada do Plan Provincial de Igualdade.</p>	<p>2019</p>

Obxectivo 1.3. Fomentar unha comunicación institucional municipal inclusiva e non sexista.

ACCIÓN	ANO DE EXECUCIÓN
<p>Non se desenvolveron accións que encaixen con este obxectivo.</p>	

NIVEL DE DESENVOLVEMENTO ÁREA 2. COEDUCACIÓN

Obxectivo 2.1. Introducir a perspectiva de xénero na oferta educativa municipal

MEDIDAS A VALORAR	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
	SI	PARCIAL	NON
Actividades de sensibilización e formación en materia de igualdade nos programas de educación non formal do Concello	100%		
Programa de convivencia en igualdade nos centros de ensino			0%
Colaboración cos centros de ensino para integrar o enfoque de xénero	100%		
Impulso e apoio de boas prácticas de axentes educativos para a promoción da igualdade			0%
Xornadas sobre saídas profesionais e orientación profesional non sexista			0%

Obxectivo 2.2. Mellorar a capacidade dos axentes educativos para traballar a igualdade de xeito transversal

MEDIDAS A VALORAR	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
	SI	PARCIAL	NON
Necesidades formativas do persoal educativo en materia de igualdade de xénero			0%
Formación das familias a través das ANPAS			0%
Formación homologada para profesorado			0%

Ampliación do fondo bibliográfico da Biblioteca municipal en materia de igualdade			0%
Elaboración de material e guías didácticas			0%
Partida orzamentaria para material coeducativo			0%

Obxectivo 2.3. Fortalecer a coordinación dos diferentes actores implicados na educación a nivel municipal.

MEDIDAS A VALORAR

GRAO DE DESENVOLVEMENTO

	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
	SI	PARCIAL	NON
Figura de coordinación das actividades de igualdade no Consello Escolar Municipal			0%
Grupo de traballo para coordinar as actividades en materia de igualdade dos centros educativos			0%
Protocolo de actuación en casos de discriminación e violencia de xénero			0%
Integración da perspectiva de xénero nos plans de convivencia dos centros de ensino			0%

Logros

- Existe un traballo puntual coa comunidade educativa, con obradoiros periódicos ou oferta de actividades como contacontos ou outro tipo de actividades lúdico-culturais.
- Retos e necesidades.

Retos e necesidades

- Bótase en falta un traballo continuado e compartido cos diferentes axentes da comunidade educativa, especialmente coas familias e co profesorado.

Execución de accións ou actividades concretas

Obxectivo 2.1. Introducir a perspectiva de xénero na oferta educativa municipal

ACCIÓN	ANO DE EXECUCIÓN
<p>PÉRGOLA DO RECORDO Actividade de sensibilización e concienciación da violencia de xénero consistente na plantación dunha roseira por cada muller asasinada no ano e posterior lectura dun comunicado elaborado por alumnado do Colexio Cristo Rey.</p>	2015
<p>PLENO. ESCENIFICACIÓN DUN PLENO POR PARTE DO ALUMNADO Escenificación dun pleno municipal coa colaboración do alumnado de diferentes centros de ensino coa lectura dun manifesto para cada instituto. Cada centro de ensino elaborou un manifesto sobre a violencia de xénero despois ábriuse unha quenda de palabras e votouse.</p>	2016
<p>PROGRAMA DE PREVENCIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO Unha actividade para a promoción da igualdade e a prevención da violencia machista no sistema educativo</p>	2016
<p>FERROL DEBATE CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO Duelo dialéctico entre catro equipos conformadas por 4 rapazas e rapaces de 6º de primaria que teñen que debater sobre cuestións relativas á conmemoración do 25N. Cada equipo dispón de varias quendas de palabra e un tempo para expoñer os seus posicionamentos, tratando de defender as súas argumentacións e refutar as das outras equipas. Público mixto. Alumnado de 6º de primaria dos centros de Esteiro, Valle Inclán, San Xoan de Filgueira; Juan de Lángara e La Sella.</p>	2018
<p>ROTEIRO FERROL EN FEMININO. IES LEIXA O alumnado do IES Leixa percorre a ruta Ferrol en feminino.</p>	2018
<p>PRESENTACIÓN DO Nº V REVISTA MACHINA Presentación da revista coa rapazada dos campamentos.</p>	2018

<p>PRESENTACIÓN DO N°VI DA REVISTA MACHINA Na presentación asistiu alumnado de tres centros de ensino da cidade.</p>	<p>2018</p>
<p>CAMPAMENTO PEQUE EDUCA – URBANO E RURAL – Programa que se enmarca nas políticas de conciliación. Neste campamento abórdase especificamente a igualdade de xénero como un contido a traballar nas diferentes xornadas.</p>	<p>2018</p>
<p>CONTACONTOS. MICROMACHISTA EU? Contacontos dirixido a público adulto e adolescente (alumnado dos centros educativos) para sensibilizar sobre a violencia de xénero. O acto contou coa presenza de Caxoto, creador da peza e contacontos.</p>	<p>2019</p>
<p>DOCUMENTAL-COLOQUIO “TODAS AS MULLERES QUE COÑEZO” Dous pases do documental “Todas as mulleres que coñezo”. En horario de mañá dirixido ao alumnado de centros educativos da cidade e pola tarde a persoas adultas. O acto contou coa presenza da directora e actriz Xiana de Teixeira. Trátase dun documental que recolle o relato de experiencias de acosos e agresións sexuais por parte de diferentes mulleres.</p>	<p>2019</p>
<p>PROGRAMA COS IES FERROLÁNS Un programa desenvolvido dende o CIM para fortalecer a sensibiización e coeducación en aulas de bacharelato. O programa gozou de continuidade durante todo o curso escolar.</p>	<p>2018-2019</p>

Obxectivo 2.2. Mellorar a capacidade dos axentes educativos para traballar a igualdade de xeito transversal

<p>ACCIÓN</p>	<p>ANO DE EXECUCIÓN</p>
<p>Non se desenvolveron accións que encaixen con este obxectivo.</p>	

Obxectivo 2.3. Fortalecer a coordinación dos diferentes actores implicados na educación a nivel municipal.

ACCIÓN

**ANO DE
EXECUCIÓN**

Non se desenvolveron accións que encaixen con este obxectivo.

NIVEL DE DESENVOLVEMENTO ÁREA 3. PREVENCIÓN E ATENCIÓN INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Obxectivo 3.1. Informar e sensibilizar o conxunto da comunidade sobre a problemática da violencia de xénero para a súa erradicación.

MEDIDAS A VALORAR	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
	SI	PARCIAL	NON
Creación de material de difusión sobre as formas de violencia de xénero	100%		
Campañas de difusión sobre os recursos e servizos existentes a nivel municipal	100%		
Programas informativos e de prevención da violencia de xénero dirixido ao tecido asociativo	100%		
Actos conmemorativos e campañas de prevención da violencia de xénero	100%		

Obxectivo 3.2. Promover a mellora na intervención integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

MEDIDAS A VALORAR	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
	SI	PARCIAL	NON
Creación da Mesa de Coordinación en materia de violencia de xénero	100%		
Formación homologada ao persoal da Administración local para a atención integral da violencia de xénero			0%
Formación homologada á policía local para a atención integral da violencia de xénero			0%

Coordinación entre os axentes sociais que interveñen nos casos de violencia de xénero	100%		
Estudos e investigacións en materia de violencia de xénero a nivel municipal			0%
Programa específico de prevención e atención integral á infancia exposta a violencia de xénero	100%		

Obxectivo 3.3. Formación na prevención da violencia de xénero no eido educativo

MEDIDAS A VALORAR

GRAO DE DESENVOLVEMENTO

	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
	SI	PARCIAL	NON
Campañas para a erradicación da violencia de xénero nos centros educativos		50%	
Formación homologada na materia dirixida ao profesorado			0%
Proposta novas masculinidades	100%		
Uso positivo das TIC	100%		
Campaña para detección da violencia de xénero dirixido ás familias			0%

Logros

- Existen fitos que representan unha mellora da atención integral a mulleres en situación de violencia de xénero, como por exemplo a Mesa de Coordinación contra a Violencia de Xénero e o programa Viogen (convenio entre o Concello de Ferrol e as Forzas de Seguridade do Estado).
- Puxéronse en marcha numerosas actividades centradas na prevención dirixidas á comunidade e, especialmente, a mulleres. Nesta liña percíbense fortalezas no que respecta a programas de apoderamento de mulleres.
- Desenvolvéronse iniciativas innovadoras e sustentables, como unha app propia impulsada desde o Concello: LILAPP. Esta ferramenta nace para dar conta dos recursos existentes na comarca de Ferrolterra para a prevención e a atención da violencia de xénero e ofrecer asistencia a mulleres en situación de risco cun contacto directo co 112. Igualmente, tamén destaca a creación da revista *Machina*, como un recurso sensibilizador e de prevención da violencia de xénero.

Retos e necesidades

- Bótase de menos un programa continuado centrado en formación especializada para o persoal municipal, especialmente para a Policía Local.
- As maiores eivas concéntranse en accións que teñen que ver coa elaboración de estudos ou diagnoses.

Execución de accións ou actividades concretas

Obxectivo 3.1. Informar e sensibilizar o conxunto da comunidade sobre a problemática da violencia de xénero para a súa erradicación.

ACCIÓN	ANO DE EXECUCIÓN
<p>CONVERSAS ABERTAS. OS MITOS DO AMOR ROMÁNTICO Dirixida a mulleres. Charla impartida por Uxía Noche (Antropóloga) poñendo o foco dos distintos mitos sobre o amor ao longo da historia.</p>	2015

<p>SENSIBILIZACIÓN SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO Información e formación para alumnado da Escola de Enfermaría de Ferrol, partindo da información do labor do CIM e coa colaboración dunha usuaria que compartirá as dificultades e problemas que atopa ao longo do proceso de recuperación para superar a situación de violencia de xénero.</p>	<p>2015</p>
<p>VIDEO SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO Vídeo elaborado polo alumnado da Facultade de Enfermería con entrevistas á directora do CIM e a unha usuaria do servizo.</p>	<p>2016</p>
<p>CONVERSA ABERTA SOBRE A IMPORTANCIA DA DENUNCIA ANTE A VIOLENCIA DE XÉNERO Dirixida a mulleres. Conversa organizada en colaboración cos Corpos e Forzas de Seguridade, coa presenza dun membro da Policía Nacional para informar sobre a importancia da denuncia.</p>	<p>2016</p>
<p>CONVERSAS SOBRE OS MITOS E ESTEREOTIPOS QUE PERPETÚAN A VIOLENCIA Dirixida a mulleres. Charla e reflexións sobre a violencia de xénero, poñendo o foco nos estereotipos e mitos que perpetúan a violencia.</p>	<p>2016</p>
<p>CARREIRA SOLIDARIA O MURO Dirixida a público mixto. Carreira solidaria contra a violencia machista.</p>	<p>2017</p>
<p>OBRADOIRO. PROGRAMA DALETH PARA MULLERES. BOLBORETA Dirixida a mulleres. Obradoiros de Coaching creativo con PNL. Apoderamento e motivación. 6 obradoiros: 1 Mirada interior; 2 A mensaxe das emocións; 3 Conectando comigo, mirado ao horizonte; 4 Rescatando as miñas forzas; 5 Novos mapas de ruta; 6 O meu lugar na miña vida, o meu sitio no mundo.</p>	<p>2017</p>
<p>A VIOLENCIA DE XÉNERO. DILLE NON. EXPOSICIÓN GRÁFICA Dirixida a público mixto. Exposición gráfica dirixida a persoas mozas para eliminar mitos e estereotipos relacionados coa violencia machista.</p>	<p>2017</p>
<p>REVISTA MACHINA Destinada a público en xeral. Creación dun material de sensibilización que recompila recursos, programación municipal en igualdade de xénero, contidos de prevención de violencia de xénero e de pensamento feminista.</p>	<p>2017 - 2019</p>

<p>CARREIRA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO Carreira solidaria co obxecto de visibilizar, concienciar e sensibilizar sobre a violencia contra as mulleres.</p>	<p>2018</p>
<p>ESCAPARATES A ESCENA Dirixida a público mixto. Representación de diferentes escenas teatrais relativas á violencia de xénero en 4 escaparates dos comercios de Ferrol. Desenvolvemento a cargo do grupo de teatro Chévere.</p>	<p>2018</p>
<p>PÉRGOLA DO RECORDO Dirixida a público mixto. Plantación de rosas, unha por cada muller asasinada no ano 2018. Antes da actividade, lectura da declaración institucional.</p>	<p>2018</p>
<p>ACTIVIDADES 25N. FERROL EN NEGRO CONTRA AS VIOLENCIAS MACHISTAS Dirixida a público mixto. Campaña de sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero que propón tinguir de negro a cidade de Ferrol.</p>	<p>2018</p>
<p>CHARLA SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO Dirixida a público mixto. Actividade formativa sobre a violencia de xénero dirixida ao alumnado dos obradoiros de emprego do Concello de Ferrol.</p>	<p>2018</p>
<p>CINE FÓRUM. VIOLENCIA DE XÉNERO Dirixida a público mixto. Visionado de 3 curtas documentais sobre a violencia de xénero e posterior coloquio. A actividade foi organizada pola Asociación Conxeito, contando coa colaboración da Concellería de Igualdade de Ferrol e a Asociación Alvixe.</p>	<p>2019</p>
<p>PLANTACIÓN DE ROSAS EN HOMENAXE AS MULLERES Dirixida a público mixto. Acto simbólico de homenaxe ás mulleres asasinadas durante o 2019 e lectura da declaración institucional.</p>	<p>2019</p>

<p>CHARLA COLOQUIO A SITUACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES Dirixida a público mixto. Charla para informar sobre a situación da violencia de xénero na comarca de Ferrol, coa participación da Concelleira de Igualdade, a directora do CIM, representante da Asociación Alvixe e representantes da Asociación Almat.</p>	<p>2019</p>
<p>MICROTEATRO "GOLPES" Dirixida a público mixto. Monólogo de Estibaliz Veig sobre a realidade da violencia de xénero.</p>	<p>2019</p>
<p>CURSO DE AUTODEFENSA PARA MULLERES Dirixido a mulleres. Dotar ás mulleres de ferramentas que lles permitan defenderse ante posibles agresións. Curso monitorizado por especialistas da Federación Galega de Loita e outros pertencentes ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.</p>	<p>2019</p>
<p>PUNTOS VIOLETA Dirixido a mulleres. Con motivo das festas de Ferrol colócanse distintos puntos violeta para atender posibles agresións durante o seu desenvolvemento.</p>	<p>2019</p>
<p>ARTE-FACTORY. DECONSTRUÍNDO O PATRIARCADO Dirixido a mulleres. Proxecto de creatividade feminista, que consta de obradoiros de reflexión e creación artística, "Elas toman os muros" (arte urbana feminista) e un roteiro para coñecer as creacións.</p>	<p>2019</p>
<p>PRESENTACIÓN DA APLICACIÓN LILAPP Trátase dunha APP que serve de ferramenta para traballar na prevención da violencia de xénero. Ofrece unha base informativa sobre conceptos chave, información sobre o ciclo da violencia, presenta recursos existentes na comarca e conta cun xeolocalizador para aquelas situacións nas que as mulleres non se sintan seguras con contacto directo co 112.</p>	<p>2019</p>
<p>OBRADOIROS SOBRE FEMINICIDIO Dirixido a público mixto. Obradoiro impartido por Carme Adán sobre o seu libro.</p>	<p>2019</p>

Obxectivo 3.2. Promover a mellora na intervención integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero

ACCIÓN	ANO DE EXECUCIÓN
<p>ATENCIÓN DO CIM ÁS MULLERES <i>*(unicamente se visibilizan os casos rexistrados nas plataformas oficiais, o total suma máis atencións)</i></p> <p>Asesoramento xurídico: 36 Atención psicolóxica: 389 Atención a vítimas de violencia de xénero: 100 Orientación Emprego: 6 Información de cursos, xornadas e actividades : 22 Información de recursos: 40 Outra información : 27</p>	<p>2015</p>
<p>ATENCIÓN DO CIM ÁS MULLERES <i>*(unicamente se visibilizan os casos rexistrados nas plataformas oficiais, o total suma máis atencións)</i></p> <p>Asesoramento xurídico: 82 Atención psicolóxica: 267 Atención a vítimas de violencia de xénero: 107 Orientación Emprego: 16 Información de cursos, xornadas e actividades : 6 Información de recursos : 9 Outra información : 5</p>	<p>2016</p>
<p>CHARLA SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO NAS PONTES Mesa redonda conxunta con representantes da Asociación Alvixe e do Xulgado.</p>	<p>2016</p>

<p>ATENCIÓN DO CIM ÁS MULLERES <i>*(unicamente se visibilizan os casos rexistrados nas plataformas oficiais, o total suma máis atencións)</i></p> <p>Asesoramento xurídico: 123 Atención psicolóxica: 326 Atención a vítimas de violencia de xénero: 133 Orientación Emprego: 2 Información de cursos, xornadas e actividades : 2 Información de recursos : 14 Outra información : 5</p>	<p>2017</p>
<p>ATENCIÓN DO CIM ÁS MULLERES <i>*(unicamente se visibilizan os casos rexistrados nas plataformas oficiais, o total suma máis atencións)</i></p> <p>Asesoramento xurídico: 101 Atención psicolóxica: 334 Atención a vítimas de violencia de xénero: 136 Orientación Emprego: 2 Información de cursos, xornadas e actividades: 1 Información de recursos : 6 Outra información : 0</p>	<p>2018</p>
<p>MESA LOCAL E COORDINACIÓN INSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO</p> <p>Obradoiro formativo e de traballo para facilitar o traballo coordinado entre distintos axentes que interveñen ante situacións de violencia de xénero.</p>	<p>2019</p>
<p>ATENCIÓN DO CIM ÁS MULLERE <i>*(unicamente se visibilizan os casos rexistrados nas plataformas oficiais, o total suma máis atencións)</i></p> <p>Asesoramento xurídico: 102 Atención psicolóxica: 385 Atención a vítimas de violencia de xénero: 174 Orientación Emprego: 4 Información de cursos, xornadas e actividades : 0 Información de recursos : 0 Outra información : 0</p>	<p>2019</p>
<p>INTERVENCIÓN CON MENORES NA CASA DE ACOLLIDA</p>	<p>2015_actual</p>

Obxectivo 3.3. Formación na prevención da violencia de xénero no eido educativo

ACCIÓN	ANO DE EXECUCIÓN
<p>VIOLENCIA DE XÉNERO E O NOVO CONTEXTO DIXITAL Dirixido ao alumnado dos centros educativos. Obradoiro centrado en proporcionar coñecemento sobre a nova realidade dixital e as novas formas de violencia de xénero que emerxen neste contexto: ciberviolencia de xénero, <i>grooming</i>, sextorsión...</p>	<p>2015</p>
<p>CONVERSAS. NOVAS MASCULINIDADES Dirixida a público mixto. Charla con un sociólogo experto en temas de igualdade que expón as novas masculinidades e a posición dos homes ante o feminismo.</p>	<p>2016</p>
<p>CONVERSAS ABERTAS: SORORIDADE Dirixida a homes. Conversas con homes en relación ao concepto proposto pola profesora mexicana Marcela Lagarde.</p>	<p>2016</p>

NIVEL DE DESENVOLVEMENTO ÁREA 4. SAÚDE

Obxectivo 4.1. Promover a saúde integral das mulleres, facilitándolles o acceso aos servizos sociais e sanitarios para acadar o benestar a nivel físico, psíquico e emocional.

MEDIDAS A VALORAR	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
	SI	PARCIAL	NON
Espazo Municipal de Saúde			0%
Campañas de información e formación sobre saúde sexual e reprodutiva	100%		
Obradoiros de apoderamento, autoestima e autocoidado de mulleres	100%		

Obxectivo 4.2. Mellorar a saúde das mulleres en risco de exclusión social e situación de especial vulnerabilidade.

MEDIDAS A VALORAR	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
Rede de apoio entre mulleres, con especial atención a aquelas en situación de vulnerabilidade			0%
Atención sanitaria integral e reducir riscos para mulleres en situación de prostitución			0%
Tratamento do persoal sanitario ante mulleres en situación de exclusión social			0%

Logros

- Impulsáronse numerosos espazos informativos e de prevención centrados na educación para a saúde con perspectiva feminista.

Retos e necesidades

- Bótase de menos un programa continuado centrado en formación especializada para o persoal municipal, especialmente para a Policía Local.
- As maiores debilidades concéntranse no obxectivo 4.2 e, por tanto, na intervención con mulleres en situación de risco ou especial vulnerabilidade.

Execución de accións ou actividades concretas

Obxectivo 4.1. Promover a saúde integral das mulleres, facilitándolles o acceso aos servizos sociais e sanitarios para acadar o benestar a nivel físico, psíquico e emocional.

ACCIÓN	ANO DE EXECUCIÓN
<p>FOROS FEMININOS DE SAÚDE. A MENOPAUSIA Dirixido a mulleres. Charla centrada en achegar coñecementos sobre os cambios que teñen lugar na vida das mulleres cando chegan á menopausia, poñendo o foco en como integrar pautas de vida saudables.</p>	2015
<p>FOROS FEMININOS DE SAÚDE. A SAÚDE MENTAL DAS MULLERES Dirixido a mulleres. Charla centrada na exposición de patoloxías relacionadas coa saúde mental aplicando un enfoque de xénero.</p>	2015
<p>FORO FEMININO. BENEFICIOS DA LACTANCIA MATERNA Dirixido a mulleres. Actividade formativa e divulgativa sobre a importancia da lactancia materna.</p>	2015
<p>FORO FEMININO. SAÚDE REPRODUCTIVA E EDUCACIÓN SEXUAL Formación en materia de saúde sexual e reprodutiva aplicando un enfoque de xénero.</p>	2015
<p>CHARLA-COLOQUIO MULLER E SAÚDE Dirixida a público mixto. Catro enfermeiras da especialidade comunitaria explican as funcións que desenvolven nos centros de saúde da cidade de Ferrol.</p>	2017

<p>PRESENTACIÓN DO LIBRO VIOLENCIA OBSTÉTRICA Dirixida a público mixto. Acto divulgativo do libro que aborda o fenómeno da violencia obstétrica que sofren as mulleres.</p>	2018
<p>COLOQUIO SER ELLA POR UN DÍA Dirixida a público mixto. Coloquio sobre envellecemento activo e como manterse activa na vida adulta.</p>	2018
<p>COLOQUIO SOBRE ENVELLECIMENTO ACTIVO E COMO MANTERSE ACTIVA NA VIDA ADULTA Dirixido a mulleres. Obradoiro que busca darlles apoio ás mulleres e ofrecerlle ferramentas para unha mellor xestión emocional e autonomía.</p>	2019
<p>CONTACONTOS SOBRE A ENDOMETRIOSE Público mixto, alumnado de centros educativos. Monólogo para sensibilizar sobre esta enfermidade.</p>	2019

Obxectivo 4.2. Mellorar a saúde das mulleres en risco de exclusión social e situación de especial vulnerabilidade.

ACCIÓN	ANO DE EXECUCIÓN
Non se desenvolveron accións que encaixen con este obxectivo.	

NIVEL DE DESENVOLVEMENTO ÁREA 5. DEPORTES

Obxectivo 5.1. Fomentar a práctica do deporte en igualdade, a nivel profesional e afeccionada

MEDIDAS A VALORAR	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
	SI	PARCIAL	NON
Convenio entre o Concello de Ferrol e as federacións e entidades deportivas locais e cos centros educativos			0%
Xornada do deporte			0%
Campanñas para visibilizar as prácticas deportivas minoritarias		50%	
Actividades de deporte mixto			0%
Promoción do deporte en familia			0%

Obxectivo 5.2. Apoiar e potenciar o deporte e a práctica deportiva individual e colectiva das mulleres en óptimas condicións

MEDIDAS A VALORAR	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
	SI	PARCIAL	NON
Programas para potenciar continuidade das rapazas na práctica deportiva			0%
Sinalización e iluminación das zonas de práctica deportiva			0%
Folleto informativo sobre clubs, federacións e entidades locais para a práctica deportiva			0%
Acondicionamento das instalacións para o aseo durante a práctica deportiva.			0%
Espazos e instalacións deportivas para o tecido asociativo ou colectivos			0%

Logros

- Conseguiuse incorporar a perspectiva feminista na xestión municipal deportiva con dúas medidas interesantes.

Retos e necesidades

- Cómpre valorar medidas futuras para fortalecer a práctica deportiva das mozas e mulleres novas.

Execución de accións ou actividades concretas

Obxectivo 5.1. Fomentar a práctica do deporte en igualdade, a nivel profesional e afeccionada

ACCIÓN	ANO DE EXECUCIÓN
<p>CHARLA-COLOQUIO MULLER E DEPORTE Dirixido a público mixto. Distintas deportistas da cidade de Ferrol explican as dificultades que atopan á hora de competir en igualdade de condicións que os seus compañeiros varóns.</p>	2017
<p>CONTRA OS ELEMENTOS Dirixido a público mixto. Campaña consistente na celebración dun video-forum que busca mellorar a proxeción de diferentes deportistas galegas, elaborado pola Deputación da Coruña.</p>	2018
<p>CRITERIOS DE DISCRIMINACIÓN POSITIVA NAS SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS Incorporación de criterios en base ao número de licencias deportivas de mulleres e homes nas distintas disciplinas, tomando en conta se se trata dunha disciplina feminizada ou masculinizada.</p>	Actualidade
<p>MOCIÓN QUE INSTA AO CONCELLO DE FERROL A NON COLABORAR CON ENTIDADES DEPORTIVAS QUE DISCRIMINEN AS MULLERES Moción aprobada en Pleno municipal que impide colaborar con aquelas entidades que ofrecen premios desiguais para mulleres e para homes.</p>	Actualidade

Obxectivo 5.2. Apoiar e potenciar o deporte e a práctica deportiva individual e colectiva das mulleres en óptimas condicións

ACCIÓN

**ANO DE
EXECUCIÓN**

Non se desenvolveron accións que encaixen con este obxectivo.

NIVEL DE DESENVOLVEMENTO ÁREA 6. FORMACIÓN E EMPREGO

Obxectivo 6.1. Mellorar a incorporación, a permanencia e a promoción de mulleres do Concello de Ferrol no mercado laboral, incrementando a súa formación para o emprego.

MEDIDAS A VALORAR	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
	SI	PARCIAL	NON
Accións formativas e laborais para as mulleres do medio rural			0%
Coordinación con entidades, sindicatos e asociacións para oferta formativa	100%		
Guía para difundir os servizos e recursos da Administración local			0%
Itinerarios de formación específicos para mulleres maiores de 45 anos	100%		
Reforzo dos servizos de emprego do Concello	100%		
Acceso ao emprego mediante a formación en TIC	100%		
Actividades na área de emprego con enfoque de xénero	100%		

Obxectivo 6.2. Potenciar a empregabilidade das mulleres do Concello de Ferrol en calquera das súas formas

MEDIDAS A VALORAR	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
Liñas de axudas para a formación e autoemprego de mulleres	100%		

Apoio ás emprendedoras locais	100%		
Fondo municipal que xestione microcréditos	100%		
Xornadas sobre políticas activas de emprego con enfoque de xénero			0%
Xornadas anuais sobre novos modelos de traballo			0%

Obxectivo 6.3. Promover a igualdade de oportunidades no tecido empresarial

MEDIDAS A VALORAR

GRAO DE DESENVOLVEMENTO

Igualdade dentro da empresa a través de boas prácticas		50%	
Difusión entre o tecido empresarial das medidas para impulsar a contratación de mulleres	100%		
Servizo técnico de asesoramento a empresas para incorporar a igualdade de xénero			0%

Logros

- Obsérvanse sinerxías entre a área de Igualdade e o Centro Municipal de Emprego.
- As políticas de igualdade enfocáronse en gran medida nos incentivos ás mulleres emprendedoras, deseñando programas integrais.

Retos e necesidades

- Sería interesante apostar pola sensibilización en materia de igualdade do tecido empresarial local.
- Unha vez formulado o Plan fixouse o perfil das mulleres rurais como prioritario. Con todo, non se observa ningunha actividade que se dirixa a estas mulleres.

Execución de accións ou actividades concretas

Obxectivo 6.1. Mellorar a incorporación, a permanencia e a promoción de mulleres do Concello de Ferrol no mercado laboral, incrementando a súa formación para o emprego.

ACCIÓN	ANO DE EXECUCIÓN
<p>CONVERSAS. A DISCRIMINACIÓN LABORAL DAS MULLERES No marco destas conversas as usuarias do CIM preparan varios temas para debate co fin de traballar nunha liña de apoderamento.</p>	2015
<p>PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO Programa formativo para mulleres vítimas de violencia de xénero.</p>	2016
<p>PROGRAMA DALETH Programa que busca facilitar a integración sociolaboral das mulleres que se atopan nunha situación de vulnerabilidade.</p>	2018
<p>MANEXO DO TELÉFONO MÓBIL OU SMARTPHONE Programa formativo en novas tecnoloxías para reducir a fenda dixital de xénero.</p>	2019
<p>PROGRAMA INSERTA DO CENTRO MUNICIPAL DE EMPREGO Itinerarios de formación específicos para mulleres maiores de 45 anos.</p>	Todo o período
<p>COORDINACIÓN CON ENTIDADES, SINDICADOS E ASOCIACIÓNS PARA OFERTA FORMATIVA DENDE O CENTRO MUNICIPAL DE EMPREGO</p>	Todo o período
<p>ACCESO AO EMPREGO MEDIANTE A FORMACIÓN EN TIC DENDE O CENTRO MUNICIPAL DE EMPREGO</p>	Todo o período
<p>ACTIVIDADES NA ÁREA DE EMPREGO CON ENFOQUE DE XÉNERO</p>	Todo o período

<p>ACCIÓNS FORMATIVAS E LABORAIS PARA AS MULLERES OU CENTRADAS EN IGUALDADE Nos programas integrados, AFD, certificados profesionais e de Garantía Xuvenil que se executan no Centro Municipal de Emprego se desenvolve formación centrada en igualdade.</p>	<p>Todo o período</p>
--	-----------------------

Obxectivo 6.2. Potenciar a empregabilidade das mulleres do Concello de Ferrol en calquera das súas formas

ACCIÓN	ANO DE EXECUCIÓN
<p>MOTIVACIÓN A EMPRENDER Difusión desta actividade organizada desde a área de emprego. Facílitouse unha listaxe das usuarias do CIM que tomaron parte en Rede Emprende en Igualdade co obxectivo de complementar a formación que iniciaron.</p>	<p>2015</p>
<p>PROGRAMA PARA FOMENTAR O EMPREGO ENTRE MULLERES Programa dirixido a reactivar a economía da cidade a través do auto-emplego.</p>	<p>2016</p>
<p>PROGRAMA FERROL EMPRENDE EN FEMININO A súa finalidade é incentivar a creación de novos proxectos empresariais e, en xeral, fomentar a actividade empresarial das mulleres, contribuíndo deste xeito á xeración de emprego no ámbito municipal do Concello de Ferrol. As súas grandes liñas de acción son o financiamento a través de microcréditos e a formación.</p>	<p>2017</p>
<p>QUERO VENDER EN LIÑA Obradoiro para adquirir coñecementos para poder emprender e vender por Internet.</p>	<p>2018</p>
<p>EMPRENDEMENTO MOTIVACIONAL "BOLBORETA III" Obradoiros de acompañamento persoal e orientación laboral.</p>	<p>2019</p>
<p>APOIO ÁS EMPRENDEDORAS LOCAIS DENDE O CENTRO MUNICIPAL DE EMPREGO</p>	<p>Todo o período</p>

Obxectivo 6.3. Promover a igualdade de oportunidades no tecido empresarial

ACCIÓN	ANO DE EXECUCIÓN
<p>DIFUSIÓN ENTRE O TECIDO EMPRESARIAL DAS MEDIDAS PARA IMPULSAR A CONTRATACIÓN DE MULLERES DENDE O CENTRO MUNICIPAL DE EMPREGO</p>	<p>Todo o período</p>
<p>IGUALDADE DENTRO DA EMPRESA A TRAVÉS DE BOAS PRÁCTICAS Non hai asesoramento exclusivo para mulleres, pero dentro do servizo xeral faise.</p>	<p>Todo o período</p>

NIVEL DE DESENVOLVEMENTO ÁREA 7. CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL

Obxectivo 7.1. Fomento do reparto igualitario entre homes e mulleres da dedicación ás tarefas domésticas e o coidado das persoas dependentes

MEDIDAS A VALORAR

GRAO DE DESENVOLVEMENTO

Obradoiros para promover a corresponsabilidade			0%
Formación en corresponsabilidade para o profesorado			0%
Obradoiros de corresponsabilidade para a infancia			0%
Usos do tempo na cidade			0%
Plan de apoio ás persoas coidadoras			0%
Campaña para a valoración do traballo doméstico			0%

Obxectivo 7.2. Sensibilizar e concienciar a sociedade ferrolá sobre a importancia da corresponsabilidade e da conciliación da vida persoal, familiar e laboral

MEDIDAS A VALORAR

GRAO DE DESENVOLVEMENTO

Campañas de difusión da lexislación sobre conciliación e corresponsabilidade			0%
Difusión de medidas para o tecido empresarial			0%
Informar dos beneficios da conciliación			0%
Programas municipais en materia de conciliación	100%		

Servizos que favorezan a conciliación nas vacacións	100%		
Adaptar horarios e infraestruturas municipais á conciliación			0%
Boas prácticas en corresponsabilidade e conciliación			0%
Difusión de permisos laborais, excedencias, prestacións e recursos de conciliación			0%
Servizos municipais de coidado da infancia e actividades lúdicas			0%

Non se consegue a información sistematizada suficiente para valorar esta área.

Execución de accións ou actividades concretas

Obxectivo 7.1. Fomento do reparto igualitario entre homes e mulleres da dedicación ás tarefas domésticas e o coidado das persoas dependentes

ACCIÓN

ANO DE EXECUCIÓN

Non se desenvolveron accións que encaixen con este obxectivo.

Obxectivo 7.2. Sensibilizar e concienciar a sociedade ferrolá sobre a importancia da corresponsabilidade e da conciliación da vida persoal, familiar e laboral

ACCIÓN	ANO DE EXECUCIÓN
<p>CAMPAMENTOS PEQUE EDUCA Programa que encaixa nas políticas municipais de conciliación. Trátase dun campamento de verán onde se traballa a igualdade de xénero e a coeducación de forma específica e transversal.</p>	<p>2018</p>
<p>BOLSAS DE COMEDOR NOS CEIP Programa dirixido a unidades familiares con menores que estudan en centros concertados ou públicos onde se imparte educación infantil e primaria.</p>	<p>Todo o período</p>

NIVEL DE DESENVOLVEMENTO ÁREA 8. PARTICIPACIÓN SOCIAL E SENSIBILIZACIÓN CIDADÁ

Obxectivo 8.1. Interacción social das mulleres en risco de exclusión social ou en situación de especial vulnerabilidade

MEDIDAS A VALORAR	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
	SI	PARCIAL	NON
Atención específica a mulleres que sofren dobre ou tripla discriminación		50%	
Campaña para visibilizar a situación das vítimas de trata con fins de explotación			0%
Rede de apoio veciñal para a integración de mulleres en situación de exclusión			0%
Estudos e publicacións sobre colectivos estigmatizados de mulleres		50%	

Obxectivo 8.2. Impulsar a introdución do principio de igualdade e a perspectiva de xénero no tecido asociativo como eixe vertebrador da comunidade

MEDIDAS A VALORAR	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
	SI	PARCIAL	NON
Criterio de igualdade nas axudas ao tecido asociativo		50%	
Obradoiros para entidades e colectivos en materia de igualdade	100%		
Ferramentas para uso da linguaxe non sexista nos colectivos			0%
Boas prácticas en materia de igualdade no tecido asociativo		50%	

Obxectivo 8.3. Fomentar a participación social e a sensibilización da comunidade en materia de igualdade

MEDIDAS A VALORAR	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
	SI	PARCIAL	NON
Guía actualizada de servizos, recursos e entidades sobre igualdade	100%		
Plataforma online para compartir actuacións en materia de igualdade	100%		
Creación de colectivos de mulleres	100%		
Observatorio municipal de igualdade e publicidade non sexista			0%
Campañas para a promoción da igualdade de xénero	100%		

Obxectivo 8.4. Fomentar a participación da muller na vida cultural e social do Concello de Ferrol.

MEDIDAS A VALORAR	GRAO DE DESENVOLVEMENTO		
	SI	PARCIAL	NON
Transversalidade de xénero na programación cultural			0%
Accións positiva nas programacións e contratacións culturais			0%
Presenza de mulleres na vida cultural	100%		
Visibilizar mulleres relevantes de Ferrol	100%		
Impulsar a muller creadora	100%		
Conmemoración do 8 de marzo	100%		
Club de lectura pola igualdade			0%

Logros

- Destacan as numerosas actividades e accións para visibilizar o papel da muller, xa sexa na arte, na cultura ou na ciencia. Ademais, hai unha base de traballo sobre o territorio a través de distintas rutas que dan conta da participación das mulleres na vida da cidade de Ferrol.
- Comprende un elemento moi positivo o funcionamento do Consello Sectorial da Muller como ferramenta básica para mellorar o nivel de coordinación, participación e incidencia política.
- Existen iniciativas innovadoras para fomentar a participación e a sensibilización en materia de igualdade, tales como a revista *Machina*.

Retos e necesidades

- Bótase en falta a creación e difusión de ferramentas facilitadoras da integración da perspectiva de xénero no tecido asociativo.
- Preséntase como tarefa pendente o traballo comunitario para a creación de redes de apoio mutuo en materia de igualdade e violencia de xénero.

Execución de accións ou actividades concretas

Obxectivo 8.1. Interacción social das mulleres en risco de exclusión social ou en situación de especial vulnerabilidade

ACCIÓN	ANO DE EXECUCIÓN
Presentacións e actividades arredor da revista <i>Machina</i>	2017_2019
Atención a usuarias do centro de información á muller	Todo o período

Obxectivo 8.2. Impulsar a introdución do principio de igualdade e a perspectiva de xénero no tecido asociativo como eixe vertebrador da comunidade

ACCIÓN	ANO DE EXECUCIÓN
Presentacións e actividades arredor da revista <i>Machina</i>	2017_2019

Obxectivo 8.3. Fomentar a participación social e a sensibilización da comunidade en materia de igualdade

ACCIÓN	ANO DE EXECUCIÓN
CONSELLO SECTORIAL MUNICIPAL DAS MULLERES	2015_ACTUAL
CONVERSAS DE XÉNERO Charlas dirixidas ás mulleres sobre os temas que elas mesmas seleccionan aplicando unha metodoloxía activa e participativa.	2015

<p>ASOCIACIÓN DE LOITA CONTRA OS MALOSTRATOS ALVIXE Desde o CIM impúlsase a creación dunha asociación que traballe para a prevención da violencia de xénero na cidade.</p>	2016
<p>ORGULLO LGTBQI DÍA INTERNACIONAL DAS DIVERSIDADES SEXUAIS Sensibilización, concienciación e visibilización dos problemas do colectivo LGTBQI. Mesa redonda, actuación musical, reparto de chapas e pegatina de sensibilización. Iluminación do Concello coas cores do arco da vella.</p>	2017
<p>DÍA DA MULLER RURAL Colaboración coa asociación de mulleres rurais de Doniños nunha actividade sobre doar órganos para salvar vidas.</p>	2019
<p>ORGULLO CRÍTICO Coloquio con colectivos LGTBI; charla con Brigitte Vasallo e actuacións musicais de "Las Antonias" e "Nuca".</p>	2019

Obxectivo 8.4. Fomentar a participación da muller na vida cultural e social do Concello de Ferrol.

ACCIÓN	ANO DE EXECUCIÓN
<p>AS MULLERES OCULTAS NA ARTE Formación centrada en analizar a situación das pintoras na 2ª metade do século XX aplicando un enfoque de xénero.</p>	2015
<p>EXPOSICIÓN DE PINTURA DE MULLERES FERROLÁS Exposición aberta ao público para dar a coñecer o talento e as obras de pintoras ferrolás contemporáneas.</p>	2015
<p>RUTA FERROL EN FEMININO Ruta turística por Ferrol con sete paradas, en cada unha das cales realízase unha homenaxe a mulleres relevantes e anónimas da cidade. Homenaxe ás mulleres da cidade contando coa participación das asociacións de mulleres de Ferrol.</p>	2015/2016/2019

<p>ACTO CONMEMORATIVO DO 8M Galardón 8M: homenaxe a unha muller destacada da cidade e proxección da película "A condesa rebelde".</p>	2015
<p>VENREDADAS. ACTUACIÓN MUSICAL DE SOFÍA ESPIÑEIRA Promoción de mulleres artistas de Ferrol</p>	2016
<p>ACTO POÉTICO, MUSICAL E PICTÓRICO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO Acto reivindicativo contra a violencia de xénero. 4 poetas, 3 pintoras e 1 muller tocando o violín.</p>	2017
<p>EXPOSICIÓN DE PINTURA "ELAS" Exposición de 38 obras de 8 pintoras, na inauguración realizouse unha charla coloquio de sensibilización e tivo lugar unha actuación musical.</p>	2017
<p>CHARLA – COLOQUIO "AURORA RODRÍGUEZ. UNHA MULLER DO SÉCULO XIX" Dentro do ciclo sobre Hildegart, con esta actividade preténdese un maior coñecemento sobre a súa obra e a achega da súa nai.</p>	2017
<p>EXPOSICIÓN DE 16 PANEIS DE HILDEGART A través de 16 paneis preténdese visibilizar e dar a coñecer a vida e obra de Hildegart.</p>	2017
<p>EXPOSICIÓN DE PINTURA DE VICTORIA RUÍZ DE CORTÁZAR Exposición de pintura que ten por obxectivo visibilizar a mulleres ferrolás dedicadas á pintura e ás artes.</p>	2017
<p>CHARLA-COLOQUIO MULLERES NA CIENCIA</p>	2017
<p>GALARDÓN 8 DE MARZO Homenaxe do Concello de Ferrol a unha muller relevante da cidade</p>	2017/2018/2019
<p>EXPOSICIÓN DE PINTURA DE MONTSE GUTIERREZ Dentro da visibilización das mulleres artistas da cidade, expónse unha mostra da pintora ferrolá Montse Gutierrez.</p>	2017

<p>CONVERSAS. CRUZANDO A LIÑA DA DIFERENZA Análise das diferencias entre mulleres e homes na pintura durante a segunda metade do século XX e visionado dun documental.</p>	2017
<p>PERFORMANCE TATANIA POR IRIA SOBRADO Performance a cargo de Iria Sobrado no Teatro Jofre.</p>	2018
<p>DÍA DA DIVERSIDADE SEXUAL. TEATRO: ELISA E MARCELA Obra de teatro da compañía "A Panadaría" para visibilizar as mulleres lésbicas.</p>	2018
<p>DÍA DA DIVERSIDADE SEXUAL Coloquio con María Álvarez, deseñadora gráfica e ilustradora presenta o seu traballo arredor das diversidade sexuais.</p>	2018
<p>CHARLA-COLOQUIO AVANZADO NA TERCEIRA OLA Coloquio para reflexionar sobre os avances do feminismo no momento actual.</p>	2018
<p>INAUGURACIÓN DA EXPOSICIÓN PEPEA ACEVEDON Exposición de pintura para dar a coñecer a artistas ferrolás.</p>	2018
<p>DOCUMENTAL ÁNXELA RUÍZ ROBLES Visionado dun documental sobre a vida e obra da precursora do libro electrónico.</p>	2018
<p>DOCUMENTAL FERROL EN LILA 2018 Tres mulleres relevantes da cidade: unha produtora, unha música e unha deportista relatan as súas experiencias profesionais desde un enfoque de xénero.</p>	2018
<p>ENCONTRO CON AMELIA VALCÁRCCEL. FILÓSOFA E ESCRITORA Conferencia "Ahora feminismo" e posterior sinatura de libros.</p>	2019
<p>OBRA DE TEATRO "AS FILLAS BRAVAS" Peza de teatro do grupo Chévere que analiza as expresións culturais tradicionais desde un enfoque de xénero. Un traballo de investigación sobre a sexualidade, os roles da muller na sociedade tradicional que aparecen recollidos no cancionero popular galego.</p>	2019

<p>II CARREIRA E II ANDAINA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO Unha actividade que busca sensibilizar e conciencia sobre a violencia de xénero.</p>	<p>2019</p>
<p>PRESENTACIÓN DO LIBRO "FRAGMENTOS DEL CORAZÓN" DE CRISTINA PRIETO SOLANO Presentación do libro desta escritora ferrolá.</p>	<p>2019</p>
<p>PRESENTACIÓN DO LIBRO "VOCES DA MEMORIA CON OLLOS DE MULLER" Anxela Loureiro Fernández presenta o libro onde se fai unha homenaxe ás mulleres do 72 de Ferrol.</p>	<p>2019</p>
<p>GALA FERROL EN LILA Roteiro teatral "Mulleres expostas". Dous pases. Entre ambos pases, proxección do documental sobre Ángela Ruíz Robles e posterior coloquio.</p>	<p>2019</p>
<p>ESCALADA "ROMPENDO TEITOS DE CRISTAL" Escalada no rocódromo municipal da Malata coa colaboración do club de montaña de Ferrol. Acto simbólico sobre a importancia de rachar cos teitos de vidro.</p>	<p>2019</p>
<p>ROTEIRO "INCORPORACIÓN DA MULLER NA INDUSTRIA" Visita ao museo da industria naval de Navantia. Plantación de rosais no Cantón de Molins por cada muller asasinada por violencia machista.</p>	<p>2019</p>

CONCLUSIÓN XERAIS

FORTALEZAS	DEBILIDADES
<p>As áreas de prevención e atención integral en materia de xénero, de formación e emprego e formación, ou de participación social e sensibilización cidadá lograron un alto nivel dos obxectivos formulados. Nesta liña, o traballo desenvolvido dende o Centro de Información á Muller e a Casa de Acollida comprenden o groso de accións desenvolvidas no marco deste Plan.</p> <p>Destaca a coordinación establecida entre a Área de Igualdade coa Área de Emprego e coa Área de Benestar Social.</p>	<p>Existen áreas de acción que non lograron obter un nivel relevante dos obxectivos propostos. Neste senso destaca a área de transversalidade de xénero na Administración municipal.</p> <p>Bótase en falta un traballo sostible no tempo da man dos diferentes axentes da comunidade educativa.</p> <p>Aínda que é resaltable o traballo desenvolvido con mulleres en espazos non mixtos de apoderamento, existen eivas nas accións de deportes ou saúde que se dirixen a mulleres novas ou en situación de vulnerabilidade social.</p>

3.3 Como se fixo

Difusión do plan

Durante a súa formulación, que foi participada, publicáronse diferentes notas na comunicación institucional e nos medios locais. Deste xeito, logrouse sumar ao exercicio de transparencia e apertura á veciñanza.

O III Plan de Igualdade foi aprobado en Pleno municipal en 2015.

Seguimento do plan

No III Plan prevíase a creación dunha Comisión Técnica de Igualdade que se encargase de achegar informacións, ideas e suxestións para lograr optimizar as actuacións previstas, facendo que o seu desenvolvemento se realizase coa maior eficacia posible. Para conseguilo, deseñáronse unhas fichas de seguimento que debían ser cubertas por cada unha das áreas técnicas responsables da execución das accións. Ao mesmo tempo, o devandito Plan contemplaba a realización dunha avaliación inicial e outra intermedia.

Unha vez realizado o traballo de campo da presente avaliación do III Plan, comprobouse que non se levaron a cabo a avaliación inicial nin a avaliación intermedia, nin se cubriron as fichas correspondentes.

Análise da transversalidade de xénero

Nivel de coñecemento do plan por parte das áreas técnicas municipais

A meirande parte das áreas técnicas entrevistadas non teñen coñecemento da existencia do III Plan de Igualdade de Ferrol. Aínda así, existen áreas técnicas que desenvolveron programas, proxectos ou accións que encaixan cos obxectivos propostos no Plan, tales como Emprego, Educación ou Deportes.

CONCELLARÍA - ÁREA TÉCNICA

NIVEL DE COÑECEMENTO DO PLAN

	NIVEL DE COÑECEMENTO DO PLAN		
	SI	PARCIAL	NON
Participación/Normalización Lingüística			
CIM (Centro de Información á Muller)/ Igualdade			
Concellaría Servizos Sociais			
Contratación			
Facenda e Patrimonio			
Estatística			
Urbanismo			
Sanidade e Consumo			
Policía Local			
Educación			
Emprego			
Deportes			
Cultura e Turismo			
Recursos Humanos			
Casa de Acollida			

Nivel de coordinación entre ás áreas técnicas municipais en materia de igualdade

Instrumentos de coordinación

1. Consello Municipal de Igualdade e Muller

- O Regulamento foi publicado no BOP do 6 de febreiro de 2019.
- Consello está formado por:
 - > Unha persoa en representación de cada un dos partidos do Pleno Municipal (PS-dG-PSOE, PP, BNG e Ferrol en Común).
 - > Unha persoa en representación de CCOO, UXT e CIG.
 - > Unha persoa en representación de cada unha das 17 asociacións:
 - Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas en Galicia
 - Asociación Dignidad Galicia
 - Asociación de Mulleres Rurais Doniños
 - Asociación de Mulleres Rurais Río D´Aneiro
 - Marcha Mundial Mulleres Ferrolterra
 - Cáritas Diocesana Mondoñedo-Ferrol
 - Ateneo Ferrolán
 - Asociación rural de Mulleres Emprendedoras (ARUME)
 - Asociación de Loita contra os malos tratos – ALMAT
 - Asociación Cultural Fuco Buxán
 - Asociación de Mulleres “Barrio de Caranza”
 - Patronato Concepción Arenal
 - Asociación Sociocultural ASCM
 - Asociación de Loita Contra a Violencia de Xénero (ALVIXE)
 - Asociación de Mulleres con Discapacidade en Galicia (ACADAR)
 - Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI)
 - Acción Familiar Ferrol (AFA)

> 4 mulleres a título individual

2. Mesa de Coordinación contra a Violencia de Xénero

- Constitúese en febreiro de 2021 e está conformada por profesionais técnicas do:
 - > Xulgado
 - > Sanidade
 - > Educación
 - > Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.
- Trátase dun indicador do compromiso e vontade de dar unha resposta real e efectiva ante a violencia de xénero.
- As súas funcións versan arredor da mellora da coordinación interinstitucional ante a violencia de xénero a nivel local.

Nivel de coordinación entre áreas técnicas

As áreas que tiveron ou teñen traballo compartido coa Área de Igualdade son:

- Benestar social
- Xuventude
- Emprego

En xeral, todas as persoas responsables de área valorarían positivamente o traballo coordinado. Con todo, a carga de traballo diaria é moi elevada e non permite pertencer a espazos colaborativos.

Nivel de formación en materia de igualdade do persoal das áreas técnicas municipais

- Non existe un programa formativo unificado; a formación en igualdade deriva da vontade e sensibilidade individual. A oferta formativa mellor valorada é a que desenvolven a EGAP, a Deputación da Coruña ou a FEGAMP.
- En xeral, o nivel formativo é feble e céntrase en cuestións como a comunicación non sexista ou a prevención da violencia de xénero. Bótase en falta formación especializada en políticas e transversalización do enfoque de xénero.
- Todas as áreas técnicas mostran sensibilidade e vontade de formarse no futuro en materia de igualdade. A sensación xeral é que unha formación especializada podería mellorar a súa práctica profesional e o servizo público que lle brindan á veciñanza.
- As áreas técnicas que teñen atención directa con mulleres en situación de violencia de xénero (a Casa de Acollida e a Policía Local) fan énfase na necesidade de contar con máis

formación especializada en materia, xa que o persoal non conta con ferramentas para desenvolver o traballo de intervención tan relevante que fan.

Nivel de utilización da comunicación non sexista

En xeral, todo o persoal técnico das áreas municipais percibe que a comunicación a nivel institucional non é sexista. De todos modos, opinan que sería necesario incorporar esta mirada dun modo sistémico e botan de menos formación centrada neste tema.

- A nivel de linguaxe, percíbese a necesidade de contar con recursos especializados, tales como unha guía ou formación especializada.
- A nivel de imaxe, varias das áreas técnicas destacan a sensibilidade municipal con este tema. Este aspecto non é percibido como tan relevante como o da linguaxe, agás no caso da área técnica de Deportes, que incide na necesidade de revisar as imaxes que fan alusión á práctica deportiva (sexan do Concello ou dalgunha entidade deportiva).

Nivel de análise da información desagregada por sexo

É destacable que ningunha das áreas apostou pola elaboración de estudos ou diagnoses de xénero. Así, non existen estudos sociodemográficos, culturais, laborais, deportivos, económicos ou sociais que integren a perspectiva de xénero.

En xeral, percíbense debilidades no que respecta ao rexistro de información desagregada por sexo. As áreas técnicas que rexistran a información son unha minoría e, cando é así, responde a algunha obriga doutro nivel administrativo. Das áreas entrevistadas logrouse localizar información desagregada por sexo nas seguintes:

- Emprego
- Estatística
- Recursos Humanos
- Igualdade
- Policía Local
- Deporte

Indicadores de xénero

A ausencia de rexistro de información -en xeral e desagregada por sexo- na meirande parte das áreas municipais dificulta o deseño de indicadores para analizar o impacto das accións que se levaron a cabo. Neste senso, un dos retos importantes a ter en conta no futuro Plan de Igualdade sería a posta en práctica de mecanismos efectivos para rexistrar e analizar información.

A ausencia dunha diagnose cuantitativa e estatística de partida tamén dificulta pór en marcha

mecanismos de análise de impacto. Nesta orde de cousas, cabe sinalar que o III Plan de Igualdade foi formulado en base a elaboración da Avaliación do II Plan de Igualdade, onde unicamente se realizou unha enquisa aos axentes que participarían na formulación do III Plan de Igualdade, mais non se mostran datos e información sociodemográfica ou económica.

Conclusións xerais

FORTALEZAS	DEBILIDADES
<p>Existe vontade por parte das diferentes áreas técnicas de abrir espazos de traballo conxunto arredor da formulación do futuro Plan de Igualdade.</p>	<p>Existen eivas na posta en marcha de mecanismos de seguimento que faciliten a presente avaliación.</p>
<p>Móstrase unha sensibilidade elevada á hora de utilizar a comunicación non sexista a nivel institucional.</p>	<p>Os instrumentos para rexistrar e analizar a información desagregada por sexo son débiles.</p>
<p>O nivel formativo en materia de igualdade nas diferentes áreas técnicas é diverso, mais é habitual que mostren interese nun futuro programa formativo.</p>	<p>Os mecanismos de difusión do III Plan foron ineficaces á hora de dar coñecer o Plan nas diferentes áreas municipais.</p>
<p>Puxéronse en marcha mecanismos que fomentan a coordinación interna e interinstitucional en materia de prevención e atención en casos de violencia de xénero.</p>	
<p>Visualízase unha traxectoria moi forte á hora de canalizar a participación e a relación con axentes sociais, especialmente co tecido social de mulleres e feminista.</p>	


04

Cara a onde camiñar

RETOS PARA O FUTURO

Fortalecer os instrumentos para transversalizar o enfoque de xénero. As maiores debilidades do III Plan teñen que ver coa falta de coordinación e de traballo conxunto entre as diferentes áreas municipais que tiñan relación coas accións planificadas. Nesta orde, sería idóneo apostar por:

- > Formar e sensibilizar o persoal técnico, para así fomentar compromisos de cara o futuro.
- > Mellorar os mecanismos de difusión do futuro Plan.
- > Dotar o futuro plan dunha estrutura que garanta a súa execución coordinada a través da asignación de responsabilidades por áreas municipais e mecanismos de coordinación viables e adaptadas ao contexto.
- > Garantir que o plan sexa executable dotándoo de orzamento axustado en función da realidade municipal.
- > Establecer un sistema de seguimento e avaliación que garanta unha execución adaptable ao contexto. Para isto é necesario deseñar un sistema de indicadores de seguimento e de impacto para cada unha das accións establecidas.
- > Máis alá do Consello Sectorial da Muller, sería óptimo establecer canles de participación reais que fomenten a escoita e o compromiso dos axentes sociais, económicos, deportivos, económicos e culturais na futura execución das accións.
- > Facilitar o deseño de ferramentas sinxelas que axuden a rexistrar e analizar a información desagregada por sexo nas áreas municipais. Soamente deste xeito poderemos valorar o impacto das accións nun futuro.



Avaliación
**III Plan de Igualdade do
Concello de Ferrol**



Un camiño cara á igualdade

